



Concurso do SEPE. Un novo desprezo a Galiza

O SEPE volve desprezar a Galiza ELIMINANDO A VALORACIÓN DO GALEGO a todos os postos da nosa Terra e non convocando para a súa provisión 10 postos vacantes

Na fase de alegacións a CIG solicitou que se valorara o coñecemento do galego en todos os postos de Galiza porque cumpren cos requisitos establecidos na Orde de 20 de xullo de 1990 pero o SEPE, facendo unha interpretación restritiva da citada Orde apoia a política de eliminación de linguas distintas do español.

A CIG tamén pediu que neste concurso se convocaran todas as vacantes existentes na Galiza pero o SEPE parece que non está pola labor. A pesar de que as Direccións Provinciais pediron que se ofertaran todas as vacantes, os SS.CC. optaron por non facelo.

A nosa Terra pode ter todos os seus postos cubertos porque ten funcionarias e funcionarios galegos espallados por toda a xeografía española desexando voltar. Sen embargo, o noso Organismo prefire convocar postos que sabe que van quedar desertos en vez de ofertar os que se van cubrir con toda seguridade.

Os postos que vacantes que non saen no concurso son os seguintes:

- 5102443 Ayudante de oficina N16 Lugo
- 4676200 Técnico/a de oficina de prestaciones N 20 Lugo
- 4736728 Ayudante oficina de prestaciones N17 A Coruña
- 4736732 Ayudante oficina de prestaciones N17 A Coruña
- 877155 Ayudante oficina de prestaciones N17 A Coruña
- 2778449 Ayudante oficina de prestaciones N17 A Coruña
- 4798765 Ayudante oficina de prestaciones N17 A Coruña
- 4690541 Jefatura de negociado N 16 Ourense
- 964572 Ayudante de oficina N16 Ourense
- 5710080 Técnico/a de oficina de prestaciones N 20 Ourense